

Revista das XXIII Xornadas de BD de Ourense

OS GRANDES INVENTOS de

Fanzine das Xornadas

presenta

COMICTRON 2000™

PROTAMATIC



XENER-O-METER



MUAJAJA!
CHAMÁRONME TOLO, PERO,
TRAS ANOS DE EXILIO E HUMIL-
LLACIÓNS, POR FIN CHEGA O
ENXEÑO CREADOR DE NOVELAS
GRÁFICAS. TREME, INDUS-
TRIA DA BD!!!

Capas: Bernal Prieto e Roque Romero

<http://www.bernalprieto.com>

<http://pacienter.wordpress.com>

Páxina 3: Editorial

Páxina 5: Intro: por Henrique Torreiro

<http://htorreiro.blogspot.com>

Páxina 6: BD: Alberto Vázquez

Páxina 7: BD: Bernal Prieto

Páxina 8: BD: Brais Rodríguez

Páxina 9: BD: David Rubín

Páxina 10: BD: Diego Blanco

Páxina 11: BD: Emma Ríos

Páxina 12: BD: Alberto Guitián

Páxina 13: BD: Hugo Covelo

Páxina 14: BD: Jano Viñuela

Páxina 15: BD: Javi Montes

Páxina 16: BD: José Domingo

Páxina 17: BD: Manel Cráneo

Páxina 18: BD: Miguel Porto

Páxina 19: BD: Miguel Robledo

Páxina 20: BD: Roque Romero

Páxina 21: BD: Sergio Covelo

Páxina 22: Artigo: Vida, obra e milagres do

Colectivo Polaquia – David Rubín

<http://detripas.blogspot.com>

Páxina 23: BD: *O ciclo* – David Rubín

Páxina 25: Artigo: *Premio Ourense de BD – Demo Editorial*

<http://demoeditorial.blogspot.com>

Páxina 27: Artigo: *O cartel das Xornadas* – José Domingo

<http://www.josedomingo.net>



AS CAPAS

Bernal Prieto
e Roque
Romero

É unha vergoña que a dous dos máis activos colaboradores das Xornadas, o coruñés Bernal Prieto (1979) e o viveirense Roque Romero

(1978), aínda non lles tivésemos dado a oportunidade de facernos un cartel ou unha portada. Un erro imperdoable que este ano decidimos corrixir pedíndolles que nos ilustrasen as nosas capas nunha jam session de urxencia a catro mans, seguindo o ronsel do tour de force 2x1 dos irmáns Covelo.

Os camiños de Roque e Bernal cruzáronse en Pontevedra, como compañeiros de piso e estudantes na Facultade de Belas Artes. Bernal era membro fundador do colectivo Polaquia (participou no seminal *Mmmh!!*), e Roque pronto se unirá a este grupo (que lle dedicaría o 2º número da súa colección *Sketchbook*). Moitas historias de ambos poden verse na revista *Barsowia*, en *Carne Líquida* (coeditado por Romero), no noso fanzine ou no mensual musical *Mundo Sonoro* (en cuxa edición galega Prieto publica regularmente a serie *Mini-críticas insustanciales...*).

A día de hoxe, Bernal e Roque seguen sendo amigos, pero residentes na Coruña, onde fundaron con Rubín, Guitián e Domingo o estudio La Pelu. E disque están a preparar un interesante proxecto para internet do que en breve saberemos máis.

Este número d'*O Fanzine* non tería sido posíbel sen a colaboración desinteresada de: Henrique Torreiro • Alberto Vázquez • Bernal Prieto • Brais Rodríguez • David Rubín • Diego Blanco • Emma Ríos • Alberto Guitián • Hugo Covelo • Jano Viñuela • Javi Montes • José Domingo • Manel Cráneo • Miguel Porto • Miguel Robledo • Roque Romero • Sergio Covelo

Todos os cómics, ilustracións e textos publicados nesta revista son propiedade e *copyright* dos seus respectivos autores/as ou editores/as, e reproducense co seu permiso ou como simple referencia do texto. Para posteriores reproducións, contáctese directamente con cada un deles.

O Fanzine das Xornadas, nº 18.

Publicación oficial das *XXIII Xornadas de Banda Deseñada de Ourense*. Outubro de 2011.

Coordinación: Óscar Iglesias.

Edita: Colectivo Phanzynex. Fax (+34) 988 249 930 • Correo electrónico: urbanoscar@gmail.com, lab.ou.info@gmail.com • Internet: www.casaxou.com/bd, www.labou.blogspot.com

Deseño: Disigna Edenia, SL • Fotomecánica e impresión: RODI Artes Gráficas, Ourense.

Depósito legal: OUR-183/97

Co patrocinio de: Espazo Xove Ourense [Casa da Xuventude de Ourense], Xunta de Galicia



COLECTIVO

PHANZYNE X

OURENSE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Xuventude

galicia



Espazo Xove
Ourense
Celso Emilio Ferreiro, 27



EDITORIAL

"Era o mellor dos tempos,
era o peor dos tempos."

Por unha parte, poucos motivos hai para queixarse respecto á situación da banda deseñada en xeral (e da galega en particular) na sociedade. Como comentabamos nas nosas últimas editoriais, parece que por fin, desta vez si, o cómic empeza a acadar o status que teñen outras artes como o cinema ou a música, gañando recoñecemento e lectores. Aínda hai cousas polas que laiarse, si (lembramos que nos outros medios tamén teñen problemas), pero que neste último ano en Galicia xurdisen novelas gráficas do calibre d'*O heroe* de David Rubín, *Lois Pereiro*. *Breve encontro* de Jacobo Fernández ou *A man do díaño* de Brais Rodríguez, ou que a recente apertura en Ourense dunha librería especializada en BD fose un acontecemento cultural para a cidade, deberían ser razóns para alegrármolos.

Por outra parte, as Xornadas de Banda Deseñada atópanse nun momento confuso e impreciso, cun futuro incerto. A lamentable e sentida perda do noso querido Benito Losada, director da Casa da Xuventude de Ourense (institución que alberga e coordina estas Xornadas) abriu un período de crise para o noso evento do que aínda non saímos. Os meses que esta organización pasou en estado de interinidade e que demorou os nosos preparativos, e a falta dun apoio claro e decidido por parte das autoridades políticas das que as Xornadas dependen orzamentariamente (a excusa eran recortes por mor da crise económica que estamos a sufrir, e que supoñemos que tamén serán a causa de que non se convocasen as segundas bolsas de axuda á creación de BD nin un novo certame de cómic para a xuventude, dúas iniciativas que nos parece gravísimo que se perdan) fixéronnos temer que a 23ª edición das Xornadas non chegaría a celebrarse.

Como non queríamos desaparecer ás bravas, sen dicir adeus, improvisamos *in extremis* coa axuda de amigos e colegas unha edición mínima de transición das Xornadas que servise a un tempo para dous obxectivos: homenaxear a figura de Losada como se merece e, se finalmente esta fose a nosa derradeira edición, celebrarmos coa xente da casa unha última "festa galega do cómic", un sentido pero animado funeral viquingo.

Para a exposición colectiva que dedicamos a Benito, varios colaboradores cedéronnos unhas poucas páxinas nas que condensan a súa traxectoria no medio e, en certo modo, fan unha retrospectiva da historia das propias Xornadas: 23 anos nos que dende Ourense vimos xurdir e medrar unha xeración de autores de cómic que triunfan aquí e no estranxeiro. Un paseo do Frente Comixario fundacional ao noso ilustre David Rubín. As Xornadas asistiron aos primeiros pasos amateurs desta ducia e pico de debuxantes no seu concurso para a mocidade, presenciaron as súas afoutas iniciativas de autoedición e en moitos casos testemuñaron orgullosas a súa profesionalización. Non están todos os que son, pero son todos os que están.

Mentres preparabamos estas Xornadas de urxencia, descubrimos a agridoce separación do colectivo Polaquia (agridoce porque aínda que triste, non desaparecen por mor dun fracaso ou de discrepancias, senón porque consideran que cumpriron todos os seus obxectivos e prefíren embarcarse en novos proxectos), un dos grupos de autores de cómic máis activos nesta última década. Para renderlles tamén un apropiado tributo, recuperamos a exposición que organizaran no edificio Normal da Universidade da Coruña, que marcou o comezo das súas actividades de despedida. A desaparición de Polaquia evidencia tamén o final dun ciclo no panorama da nosa banda deseñada.

Algo bo pode saír das crises. Neste momento aínda non sabemos se chegará a haber unhas XXIV Xornadas de Banda Deseñada, pero no caso de celebrárense, por forza terán que ser distintas ao que eran até agora. Son tempos novos, mudan as circunstancias, cómpre adaptarse e reformularse. Se todo sae ben, no futuro recordaremos este ano raro e esta edición ensombrecida como a transición necesaria para o rexurdimento dunhas Xornadas máis vizosas e louzás. Se todo remata aquí, que non existan as Xornadas non será óbice para que a banda deseñada galega siga a vivir o seu mellor momento, e nós alegrármolos de ter contribuído, en maior ou menor medida, a chegar a esta situación.

Moitas grazas a todos os autores, colaboradores, profesionais e amigos que participastes estes 23 anos nas Xornadas de Ourense e que nos axudastes a ser o que somos. Grazas especialmente a Benito Losada, onde queira que esteas, por ter liderado o proxecto todo este tempo e tan ben como o fixeches.

Cando se organizaron as primeiras **Xornadas de Banda Deseñada de Ourense**, no ano 1989, o panorama do cómic no noso redor era ben diferente ao actual; de feito, era radicalmente distinto.

Falar de BD nos medios era unha rareza; ningunha librería da cidade tiña máis cómics que algúns exemplares de títulos moi populares, con sorte; a presenza social da historieta era nula cando non francamente negativa. A situación no resto de Galicia non era moi diferente, aínda que noutras cidades comezaban a existir librerías especializadas. Nese contexto, o sentido que tiña montar algo parecido a un *salón do cómic* en Ourense difería moito do que pode ter hoxe en día. As **Xornadas** buscaban normalizar o cómic na nosa sociedade, divulgalo, atraer novos públicos, darlle un status equiparable a calquera outra manifestación cultural, e, ademais, promover a creación e a edición de BD en Galicia, a ser posible, tamén en galego. Hoxe todo iso —non por mediación das **Xornadas**, mais cremos que si coa súa axuda— pode considerarse conseguido en diversos graos, e son necesarios novos enfoques.

Non é que as **Xornadas** non teñan mudado, e moito, en todos estes anos. Mais os ciclos cúmprense e fan obrigada unha parada para repensar os sentidos das cousas, para reinicialas ou para pasar o testemuño a un novo equipo. Non ten por que ser o final das **Xornadas**, mais si é a fin dunha etapa. Os resultados destas vinte e tres edicións están aí: dúcias de exposicións, entre elas catorce **Expofanzines**; 18 números d'*O Fanzine das Xornadas* (o que a mantén como a revista galega de BD máis lonxeva); actuacións musicais, proxeccións cinematográficas, presentacións e mesas redondas (polas que ten pasado unha representación importantísima de autores de todo o Estado e Portugal, así como algún autor extrapeninsular, e unha moi completa nómina de editores de fanzines, revistas e libros). Ten sido intención destas **Xornadas**, por unha parte, divulgar, de forma didáctica, un medio que era moi pouco coñecido polo público, e por outra, servir de nexo entre os afeccionados (á lectura, á creación, á recensión...) para dinamizar en todos os sentidos posibles a tantas veces chamada «novena arte». Liñas mestras foron, por esa vocación de servizo á BD galega, a promoción da fanedición —e sempre que foi posible, nomeadamente





nos últimos anos, a edición profesional—, así como os novos autores e os independentes, sen esquecer tampouco propostas máis dirixidas ao gran público; todo isto procurando tender lazos con Portugal, onde se podían encontrar espellos en que mirarnos no relativo á situación dos cómics, e compartir proxectos e solucións. O traballo queda aí, e parte dos froitos que se recollen agora teñen algo que ver (aínda que sexa de forma infinitesimal) coa sementeira realizada durante máis de dous decenios.

Non existen persoas imprescindibles nin insubstituíbles, deixémolo claro. Porén, o caso de **Benito Losada** en moitos campos, e concretamente tamén nas **Xornadas de Banda Deseñada**, é un dos que case poderían supor unha excepción. **Benito Losada** (Lugo, 1946-Ourense, 2011) é o grande elemento motor de tantas cousas —desde a **Casa da Xuventude**, desde o asociacionismo ou desde iniciativas empresariais de dinamización cultural—, e con certeza un nome ligado inequivocamente á historia e á prehistoria destas **Xornadas**. Sen ser un entendido na materia (unicamente afeccionado á súa lectura) conseguiu un posto fundamental na BD en Galicia. Non hai máis que lembrar que é a el a quen se debe a recuperación da denominación «banda deseñada» na nosa terra. Peza clave na relación coas administracións, **Benito** aliouse para a organización das **Xornadas** primeiramente co **Frente Comixario**, e posteriormente co **Colectivo Phanzynex**. Antes organizara varias edicións dun concurso de BD, e axudou activamente a que a revista **Frente Comixario** conseguise financiamento público. Impulsou o **Premio Ourense de BD**, un galardón entregado durante vinte e un anos a iniciativas e personalidades do cómic en Galicia. O seu papel foi de xestor, e de «coordinador dentro da coordinación», o que dentro do mínimo equipo das **Xornadas** supuña unha posición primordial. A súa perda é o elemento que fixo que definitivamente chegase o momento de considerar pechado este ciclo.

A **Benito Losada** vai dedicada esta edición das **Xornadas de Banda Deseñada**. Unha edición especial polo seu carácter testemuñal, articulado arredor dunha exposición central que repasa o panorama actual da BD galega botando, ao tempo, olladas a algúns fitos destes dous decenios de historia da historieta, ligados á desta nosa **«Festa Galega do Cómic»**. Este **Fanzine das Xornadas** é, así mesmo, excepcional, xa que se converte nunha sorte de catálogo desa exposición.

HENRIQUE TORREIRO



AQUEL FOI O ANO DE ANTONIO...

MODA

con maiúsculas



PASÁRASE A VIDA SENTÍNDOSE INJUSTAMENTE IGNORADO...




E MÁIS AÍNDA TENDO EN CONTA QUE ERA UN MOZO CON ESTILO...

TODO O MUNDO QUERÍA SER O SEU AMIGO...



...E AS MOZAS RENDÍANSE AO FIN AOS SEUS ENCANTOS.

LEVABA ANOS VESTINDO PANTALÓNS VAQUEIROS, BAMBAS...



...GUEDELLAS DISPARADAS E CHAQUETA CRUZADA DE LA.



PERO ATA AQUELA TEMPADA A MODA (CON MAIÚSCULAS) XOGARALLE UNHA MALA PASADA.

E VELAQUÍ QUE O DESTINO SE ALIÓU COA PROBABILIDADE CONVERTÉNDOO ESE ANO NO ICONO DO CHIC.








MAGOA QUE A MODA SEXA EFÉMERA...

... E ANTONIO OBSTINADO.



ADICADO A BRAIS E A SÚA CHAQUETA VERDE.

“MODA con maiúsculas” por Bernal






MAL SANGUE 2









LÊMBRANSE DEL? FOI O DECANO DAS PERSONAXES FIXAS DO BARSOWIA!! NACEU COMO ALTER EGO DUN DEBUXANTE NARCISISTA CON CRISE DE CREATIVIDADE NO NÚMERO 7 MÁIS DESDE AQUELA XAMAIS DEIXOU DE ACUDIR Á SÚA CITA... AGÁS NO NÚMERO 15!! QUÉ ACONTECERÍA A ESTE INCANSABLE ENTERTAINER DA VIÑETA? QUÉ LLE OCORRERÍA? COMERÁ BEN?...






OS PRINCIPIOS FORON DUROS: CUN CREADOR FALTO DE INSPIRACIÓN, HUMBERTO TIVO QUE BUSCARSE EL SÓ O SEU CAMIÑO NO MUNDO DO CÓMIC: CURROU DE DOBLE DE ESCENAS DE CAMA PARA TINTIN, FOI ESPECIALISTA EN "SIN CITY". MESMO PASOU UN TEMPO CUBRINDO UNHA BAIXA DE SUPERHEROES... ERA INÚTIL, NADA O ENCHÍA. POUCO A POUCO DECATOUSE QUE ISO NON ERA O SEU...

BATALLA ENTRE O "VINGADOR CUÁNTICO" E "GAFINAS" CONTRA O "BRUTO ATÓMICO"



FOI NAS PÁXINAS DO BARSOWIA ONDE ATOPOU A SÚA VERDADEIRA VOCACIÓN... A INFORMACIÓN, O PERIODISMO FEITO CÓMIC... A SÚA ESTREA FOI UNHA BIZARRA REPORTEXE SOBRE OS GRUPOS DE SUPERVIVENCIA DA EXTREMA DEREITA CRISTIANA NORTE-AMERICANA...








• Dor de Espalda •



I




AVENTURAS DUN OFICINISTA XAPONÉS

POR JOSÉ DOMINGO



Ainda me caem bágoas de chapapote lembrando
ós que quedan na outra beira do alén.



A última viaxe das aves migratorias non se fai
voando precisamente.



Boto tanto de menos a Elsa!



Máis tarde ou máis cedo virá a parar a este
lonxano porto.




Quén sabe canto tardará en chegar a esta cita?




Ainda que tal e como anda o ecosistema no outro
lado, igual hai sorte nesta espera.



M.Cráneo|07





©Miguel Robledo. «Un Camino de viñetas» (2010)



...NUNHA MOLE DE CARNES NEGRAS,
FEITA CO LIMO DO PURGATORIO E
TORRADA NOS GASES DO INFERNO



EMPREGAREI OS SEUS PAPOS COMA
PÁLPEBRAS, OTEANDO ENTRE FUME
NADO Ó NOSO FATÍDICO PASO



E DURMIREI BAIXO O SEU PEITO,
COCENDO OS MEUS XELIDOS OSOS
COAS LAPAS DE MIL E UNHA CIDADES



VIDA, OBRA E MILAGRES DO COLECTIVO POLAQUIA

Discurría o verán do ano 2001 cando uns cantos rapaces con vontade de publicar e sen nada que perder xuntaron forzas e azos diante do ermo baldío que daquela era o panorama do cómic en España, e si aí era un ermo, en Galicia a cousa tornábase estepa siberiana.

Eses cinco valentes eramos **Kike Benlloch, Bernal Prieto, Jano Viñuela, Alberto Vázquez e servidor**, e o as que tiramos da manga para comezar a autopublicarnos recibiu o nome de **Polaquia**.

As primeiras publicacións baixo o selo empezaron a unirse novos membros en canto outros abandonaban -en pos doutras aventuras editoriais- a nave, este sangue novo levaba o nome de **Emma Ríos, Hugo e Sergio Covelo, Diego Blanco, Brais Rodríguez, Roque Romero, Álvaro López, José Domingo e Luís Sendón**, e coas súas aportacións a cousa pasou de dar pequenos pasos a abrírnos camiño a zancadas; xurdiu **Barsowia**, o buque insignia do colectivo, un fanzine que deu cabida ao melloriño do panorama tebeístico galego, español e internacional, capaz de lograr premios de relevancia dentro do medio como senllos galardóns da Crítica e do Público no Salón internacional do Cómic de Barcelona, ou o Gran Premio das Xornadas de Ourense, e ser unha das poucas publicacións realizadas integramente en lingua galega que se distribuíron -e venderon!- por toda a xeografía española.

En todos estes anos, levan saído á luz baixo o amparo de Polaquia decenas e decenas de títulos, entre novelas gráficas, comic-books, fanzines, sketchbooks, láminas, camisetas e un senfín de actividades e exposicións de toda índole. E **todo isto sen chupar un peso dos cartos públicos**, sen solicitar subvencións, sen recorrer a favores nin visitar despachos, que isto tamén hai que **cultura** que non é moi común por estes lares a **cultura autoxestionada**; nunca nos fixemos ricos con

Polaquia -nin o pretendemos- mais tampouco perdemos cartos.

E após este breve resume do que é e ten sido Polaquia, e hoxe, **dez anos despois** daquel verán de 2001, tan só resta despedirnos, vestir as nosas mellores galas e saír pola porta grande, coa conciencia tranquila de que temos realizado ben o noso traballo, superado as nosas expectativas e sentado satisfacer a vontade de publicar tanto dos seus membros como de moitos outros autores alleos ao colectivo que pasaron polas nosas páxinas, e ese obxectivo logrouse cun éxito rotundo: a día de hoxe moitos de nós estamos xa publicando tanto dentro como fóra de Galicia, mesmo internacionalmente, e con éxito; misión cumprida.

Carece de sentido que Polaquia siga existindo a día de hoxe, e estou certo de que das súas cinzas xurdirán non un, senón moitos máis proxectos e aventuras editoriais que enriquecerán o panorama actual e futuro do cómic dentro e fóra das nosas fronteiras aínda máis.

Con esta exposición inaugúrase a conta atrás para a **morte de Polaquia**, de aquí a final de ano iremos recibindo noticias dos diferentes eventos e publicacións que realizaremos para despedirnos de vós como merecemos e merecedes; ao grande, e o **31-12-2011 Polaquia deixará de existir**.


Foi un pracer combatir a carón de vós durante estes últimos dez anos, vémonos na outra vida, que din que é mellor, e de non ser así, bateremos onde máis doe ata que o sexa, somos expertos niso.


Deica a próxima!!

DAVID RUBÍN

O Ciclo

por David Rubin





NIN SEQUERA DA PENA



TAN SO MORTE




TAN SO ESQUECIMENTO



OU...

...RENACEMENTO

QUIZAIS...



Fin

PREMIO OURENSE DE BD Á MELLOR INICIATIVA.



O **Premio Ourense de BD**, que cada ano outorga a Casa da Xuventude de Ourense para distinguir as iniciativas e traxectorias máis importantes dentro do panorama da banda deseñada galega, recae este ano 2011 en **Demo Editorial**, por apostar pola publicación de cómics de autores galegos emerxentes e en lingua galega e pola recuperación do patrimonio histórico de Galicia mediante un medio de entretemento como é a novela gráfica.

Demo Editorial, unha iniciativa do debuxante coruñés **Manel Cráneo**, iniciou a súa andadura en marzo de 2009 coa aparición de **Os lobos de Moeche**, do propio Cráneo, cunha trama ambientada na Guerra Irmandiña. A edición deste proxecto contou coa estreita colaboración da entidade Euroeume, que utilizará o cómic como peza promocional do Museo do Castelo de Moeche.

Dentro do catálogo de Demo Editorial, destacan as obras gañadoras das últimas edicións do **Premio Castelao**, organizado pola Deputación da Coruña: **Sen mirar atrás** de Dani Montero, e **A man do díaño** de Brais Rodríguez; ambas constatan a clara intención deste selo de apoiar os novos valores galegos.

Completan o fondo desta editora as BDs **O fillo da furia** de Manolo Poy e Miguel Fernández, **Punto de fuga** de Miguel Cuba e **Cabana de Balieiros** de Tokio.

Cómpre remarcar de Demo Editorial a súa acertada e constante estratexia promocional, organizando periodicamente presentacións dos seus produtos e charlas cos seus autores en librarías e bibliotecas de toda Galicia e conseguindo unha cobertura inusitada por parte da prensa para as súas actividades e a banda deseñada galega.

O galardón, como é habitual, consiste nun trofeo elaborado expresamente para a ocasión polo artista plástico **Manolo Figueiras**. O Premio Ourense de BD chega así á súa vixésimo segunda edición. Até o de agora, foron galardoados co Premio Xaquín Marín, Agustín Fernández Paz, Edicións Xerais, Miguelanxo Prado, *A Nosa Terra*, o equipo creativo de "A Familia Perpetua" (Carvalho, Héitor e Robledo), a Deputación da Coruña, a Biblioteca Club 33 de Santiago, Fausto Isorna, o programa Xabarin Club, o Festival Viñetas desde o Atlántico, Fran Jaraba, a Deputación de Lugo, o Consello da Cultura Galega, a revista *Golfiño*, Pepe Carreiro, o Colexio de Arquitectos de Galicia, a revista *BD Banda*, a Librería Paz, o Colectivo Polaqa, o Sistema de Bibliotecas Municipais da Coruña, El Patito Editorial e a revista *Retranca*.



*O trofeo do Premio,
deseñado ex profeso
para cada edición
por Manolo Figueiras*

XXIII XORNADAS DE
BANDA DESENADA
DE OURENSE
do 4 ao 18 de outubro de 2011

**A FESTA
GALEGA
DO CÓMIC!**



© cartel das Xornadas:

José Domingo

José Domingo (Zaragoza, 1982) non para. O ano pasado, ademais de facernos as capas para **O Fanzine das Xornadas**, gañaba o certame de cómic Xuventude Crea, feito que segundo a tradición o convertía automaticamente en candidato a ilustrar o póster da vindeira edición das Xornadas. E da súa historieta galardoada recupera para este cartel o seu impresionante robot xigante, un personaxe que esperamos seguir vendo en máis BDs.



Moito partido lle tirou José a estes últimos 365 días. Ademais de seguir publicando cómics curtos aquí e acolá, foi finalista do premio Raymond LeBlanc, fixo unha aplicación de BD para iPhone, **El gran Flaffy**, empezou a colaborar na revista **Fiz** coa serie **Lily & Pucha**, e ilustrou outra portada, unha das do derradeiro número da revista **Barsowia**. Ademais, está a piques de saír á venda a súa novela gráfica muda **Aventuras dun oficinista xaponés**, un fito que nos fai especial ilusión pois o seu xermolo foi unha historia de 4 páxinas publicada neste fanzine. Como se editará simultaneamente no noso país e en Francia, estamos seguros que con ela comezará unha exitosa carreira internacional. Non era sen tempo.



O DOUTOR R DA MARINHA E O PROFESOR B DE LA CORU, DOUTOS XENIOS QUE NOS AGASALLAN CUN DESCUBRIMENTO ÚNICO, O COMICTRÓN 2000... NON MÁIS CULTURA SUBVENCIÓNADA, NON MÁIS GASTO PÚBLICO, NON MÁIS AUTORES DE TEBEOS. META UNHA ÁRBORE, ESCOLLA UN XÉNERO, UN ESTILO E UN GUIÓN, E LISTO. HORAS E HORAS DE DIVERSIÓN!



MIRE, XEFE!
MÁIS CÓMIC FRANCO-BELGA MESTURADO CON SOHO MANGA... O APARATO XA É QUIEN DE CREAR NOVOS XÉNEROS!



DAFONTIUM

LAFFAYETTE COMIC PRO
COMIC SANS
COMIC BOOK COMANDO



ZX TERA-SCRIPT



ATENOS ÁS PRÓXIMAS NOIDADES DESTES DOUTOS XENIOS DO MAL, EN BREVE **DISTRIBUMATIC 4.0™** TEBEOS DIRECTAMENTE NA CASA, SEN ESPERAS, SEN INTERMEDIARIOS, SEN DISTRIBUIDORAS!!!